INNOVATRIAL

Compra Pública Precomercial catalítica co CDTI: sistemas de xestión dos ensaios e estudos clínicos en saúde

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde pon en marcha xunto co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial CDTI o **reto tecnolóxico de búsqueda de solucións innovadoras no eido da xestión dos estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde**.

A investigación biomédica e en Ciencias da Saúde é un dos pilares do Sistema Nacional de Saúde non só para mellorar a calidade e a expectativa de vida dos cidadáns senón tamén como motor económico por canto é xerador de emprego e de novos avances científicos e tecnolóxicos que permitirán á súa vez o crecemento e desenvolvemento industrial do territorio.

Galicia participa no 23% dos aproximadamente 900 ensaios clínicos con medicamentos que se autorizan anualmente en España. Cabe destacar a participación dos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia noutras actividades de investigación no ámbito da biomedicina e ciencias da saúde como son os estudos observacionales con medicamentos, estudos con mostras biolóxicas ou estudos epidemiolóxicos con datos de saúde e que segundo informe do comité de ética da investigación de Galicia, en 2019 superaron os 500 estudos.

As novas terapias avanzadas, terapias biolóxicas, os anticorpos monoclonales ou as células CART están a cambiar o paradigma dun gran número de patoloxías. Isto fai tamén necesario ir adaptando a organización do Sistema Nacional de Saúde aos novos retos que se expoñen na investigación. Estas tecnoloxías que xa están ao noso alcance, e as que están actualmente desenvolvéndose nas diferenctes actividades de investigación mencionadas, fan necesario expor novos escenarios organizativos, tecnolóxicos, de seguridade e mesmo normativos que protocolicen e faciliten a realización dos estudos á vez que se garante o cumprimento da normativa sectorial específica.

As Administracións sanitarias deben promover a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nas súas estratexias de investigación e innovación.

Trátase, **por tanto de procura de solucións innovadoras que sirvan de ferramenta de apoio para a xestión de todo o proceso desde o inicio ata a finalización dos estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde**.

En 2018, o CDTI creou a Oficina de Compra Pública Innovadora (OCPI) cuxo obxectivo é, esencialmente, impulsar a Compra Pública Precomercial (CPP). Para iso, este organismo adquirirá servizos de I+D que satisfagan necesidades públicas.

Os posibles prototipos resultantes que se obteñan no proceso de desenvolvemento de tecnoloxías **serán cedidos á Administración pública colaboradora que neste caso é o Servizo Galego de Saúde** para a súa validación.

O CDTI, como entidade da Administración española que lidera Compra

LICITACIÓN

- Plataforma de Contratación do Sector Público
- Diario Oficial da Unión Europea
- Portal Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Boletín Oficial do Estado

CONSULTAS AO MERCADO

- Resolución de convocatoria da CPM
- Convenio entre CDTI e Servizo Galego de Saúde
- Informe de conclusións da Consulta Preliminar do Mercado na PLACSP
- Adenda de modificación e prórroga do Convenio co Servizo Galego de Saúde

CONTIDOS RELACIONADOS

- Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia - nova disposición

Pública de Innovación (CPI) nunha fase precomercial, poderá obter información dos operadores do mercado desde a súa experiencia como usuarios destas tecnoloxías e, así, definir adecuadamente, os requisitos que deben ter as tecnoloxías que serán solicitadas nunha potencial futura licitación de compra pública precomercial.

A Consellería de Sanidade acolle o acto de cesión dos prototipos de plataformas para a xestión dos ensaios e estudos clínicos desenvolvidos no marco do proxecto de Compra Pública Innovadora INNOVATRIAL

Reúnese o comité de seguimiento do proxecto INNOVATRIAL para a creación dun sistema integral de xestión dos ensaios e estudos clínicos coa presenza do Director Xeral do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI)

Información na web do CDTI sobre a Licitación da Compra Pública Precomercial do proxecto INNOVATRIAL

Información na web do CDTI sobre as Consultas Preliminares ao Mercado do proxecto INNOVATRIAL

adicional reguladora dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia

NOVAS RELACIONADAS

Publicado o informe de conclusións da consulta preliminar de mercado do Proxecto Innovatrial